



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A ELABORACIÓN DO PCAP PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO

I.-ESIXENCIAS DE MOTIVACIÓN DETERMINADAS POLA LEXISLACIÓN DE CONTRATOS.

1.- OBXECTO.

O obxecto do presente expediente contempla o mantemento integral do edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo, que contempla as diferentes actuacións de mantemento preventivo, correctivo e técnico-legal, así como a reparación de posibles avarías que se produzan o longo do tempo nas citadas instalacións do edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo.

No referente á cualificación do contrato, o presente contrato ten carácter de contrato administrativo de conformidade co artigo 25.1.a LCSP, cualificándose como un **contrato mixto de servizos, subministro e obras**, de conformidade co artigo 18.1 , no que a prestación principal está constituído polo servizo, sendo as prestación de subministro e de obras de carácter accesorio, e estando subordinadas as necesidades do contratante.

En relación as prestacións correspondentes á tipoloxía de obras, recollidas no Capítulo III- Actividades complementarias- do orzamento do contrato, en cumprimento do disposto no artigo 18.3 da LCSP, as mesmas non superarán unitariamente o importe de 40.000 eur, polo que no será preciso a elaboración e tramitación previa de proxecto de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP.

Para a determinación das normas que deben rexer a adxudicación dos contratos mixtos cuxo obxecto conteña prestacións de dous ou mais contratos de obras, subministro ou servizos, se atenderá en primeiro lugar ao carácter da prestación principal, que no presente contrato ven constituída polo servizo, dado que supón o obxecto principal, sendo as prestacións de subministro e de obras de carácter accesorio ao servizo, non unicamente pola importancia económica de cada unha delas senón polo carácter accesorio dos devanditos subministros e obras. En base ao volume das actuacións, estímase que os servizos supoñen un 59% do orzamento total, sendo que as correspondentes as prestacións de subministro supoñen un 23% e as de obras un 18% .

Contéplase polo tanto prestacións correspondentes a diferentes contratos nun contrato mixto, atopándose directamente vinculadas entre si de conformidade co requirido polo artigo 34.2 da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 1 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



LCSP, mantendo entre elas relacións de complementariedade, o que esixe a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional para a satisfacción da referida necesidade.

De conformidade co establecido no artigo 19.1 e 22.1.b) LCSP, segundo a Orden HFP/1298/2017, de 26 de decembro, o presente contrato ten a consideración de **contrato suxeito a regulación harmonizada** tanto polo seu obxecto e cualificación, en relación co valor estimado calculado conforme ás regras establecidas no artigo 101 e o carácter da entidade contratante.

A tenor do establecido no artigo 99.3.b da LCSP, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente. Constitúen en todo caso motivos válidos de xustificación que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulte a correcta execución desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do mesmo, por implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

Polo que respecta a súa división en lotes non se considera axeitada, unificándose nun único contrato a totalidade das prestacións.

No presente suposto, a execución por varios contratistas efectivamente dificultaría o correcto funcionamento do servizo e a execución das tarefas obxecto do contrato, dado que en moitas ocasións precisase medios e recursos diversos para unha mesma actuación e implicaría a necesidade de coordinar as diferentes prestacións, incrementando notoriamente os custes económicos ao ser necesaria a multiplicidade de medios materiais e humanos de forma innecesaria dende un punto de vista da correcta planificación técnica. A diferenciación de prestacións aumentaría tamén o prazo de cada actuación e consecuentemente as molestias aos usuarios do edificio da Casa Consistorial ao ter que realizarse secuencialmente e ser actuacións que se desenrolan nun ámbito físico limitado, incrementando tamén os riscos relativos a seguridade. Asemade, a concorrencia dunha pluralidade de contratistas dificultaría a correcta execución, tendo en conta que a atención a emerxencias ou incidencias que poidan xurdir requiren unha rápida e urxente resposta unificada por parte do servizo, coas implicacións que conleva sobre todo desde o punto de vista da seguridade.

En consecuencia, en base aos motivos expostos xustifícase a xuízo dos técnicos que subscriben a non realización independente das prestacións, unificándose ambas nun único contrato.

2.- INSUFICIENCIA DE MEDIOS.

Xustifícase a contratación do servizo, tal e como determina o artigo 117 LCSP, na insuficiencia de medios da Concellería de Fomento, tanto dende o punto de vista do persoal e dos medios



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 2 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



materiais, como nas esixencias de cualificación e especialización requiridas para acadar a totalidade das necesidades expostas.

O alcance do contrato do servizo de mantemento integral do edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo comprende o mantemento preventivo, correctivo e técnico-legal dun catálogo de instalacións de tipoloxía diversa e heteroxénea - descritas no apartado 2.2 do PPTP- que require dun persoal cualificado e especializado, en diversas tarefas co fin de realizar unha adecuada e eficaz xestión do dito inmovible, precisando para o seu mantemento integral de medios técnicos, materiais e humanos que o Concello de Vigo non pode facer fronte con medios propios.

Ademais para a realización do mantemento de determinadas instalacións, como as térmicas, de clima ou contra incendios, os regulamentos de aplicación sectorial esixen a habilitación profesional inscrita no rexistro de industria correspondente, da que non se dispón no Concello de Vigo. Na actualidade o Concello de Vigo conta con un equipo de 3 operarios de mantemento, enxeñeiros e arquitectos, se ben non dispón da especificidade necesaria para o desenvolvemento das distintas tarefas e actuacións que implica a xestión deste contrato, nin se contan cos equipos e medios materiais necesarios para levar a cabo o mantemento integral do edificio da Casa Consistorial.

Por outra banda, a operativa de execución do contrato precisa dun elevado nivel de coordinación e dedicación por parte do persoal implicado. A día de hoxe, a elevada carga de traballo, impediría que este persoal puidera traballar coa operativa desexada, o que daría lugar a atrasos na xestión das distintas incidencias xurdidas, e polo tanto na posta en uso das instalacións afectadas, o que repercutiría negativamente na xestión do mantemento integral do dito edificio e nos usuarios do mesmo.

En base a todas estas esixencias considérase que o Concello de Vigo non dispón de medios técnicos e materiais suficientes para a execución deste servizo, polo que faise necesario acudir a súa contratación.

3.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN.

En canto ao procedemento de adxudicación e considerando o obxecto do contrato, o seu valor estimado, así como a necesidade de maior transparencia, publicidade e igualdade rexerase polo disposto nos artigos 156 e seguintes LCSP que regulan o **procedemento aberto**.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a **tramitación ordinaria** do presente contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 3 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



4.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRORROGA

De conformidade co establecido no artigo 29 LCSP o prazo de execución do contrato será de **2 anos**, non admitíndose en ningún caso a prórroga tácita. Non obstante, prevese a posibilidade de establecer **tres prórrogas dun ano de duración cada unha**, sempre que as características permanezan inalterables durante a súa vixencia, respectando así o prazo máximo de duración do apartado 4 e 5 do referido artigo.

O importe estimado de cada prórroga, será o resultado da suma da parte fixa do contrato (Capítulo I do orzamento) mais a parte variable do contrato (Capítulo II+III) , tendo en conta que ao importe da parte fixa do contrato estipulada para cada anualidade (Capítulo I) seralle de aplicación a baixa ofertada polo adxudicatario no apartado 8.2.1.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza ao menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Xustificación do prazo de execución e prórroga do contrato.-

O prazo de execución fíxase atendendo á natureza das prestacións, ao financiamento así como á necesidade de someter a concorrencia o contrato.

5.- SOLVENCIA

A solvencia económica, financeira e técnica regúlase nos artigos 74 e seguintes da LCSP. A solvencia esixida será:

Solvencia económica e financeira:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao 70 por cento da anualidade media do prezo do contrato.

Solvencia técnica e profesional: En relación á natureza do contrato e segundo o establecido no artigo 90 da LCSP deberá acreditarse a solvencia técnica no relativo ás prestacións propias do contrato de servizos polos seguintes medios:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan ó obxecto do contrato, realizados nos últimos 3 anos (atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV), que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 4 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70 por cento da anualidade media do prezo do contrato.

Os servizos ou traballos efectuados de acordo cos condicionantes recollidos nos dos paragrafo anterior, acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público. Cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

Xustificación da solvencia requirida.- Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica. Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais; dado que solicitan o volume anual de negocios e unha relación dos principais servizos efectuados durante os tres últimos anos de igual ou similar natureza, condicións mínimas que respectan o principio de liberdade de acceso ás licitacións.

6. HABILITACIÓN EMPRESARIAL OU PROFESIONAL

Non se esixe.

7. MEDIOS PERSOAIS A ADSCRIBIR Á EXECUCIÓN DO CONTRATO.

O prego de prescricións técnicas particulares, recolle no seu apartado 7, a dotación de medios materiais así como a estrutura de persoal mínimo que debe dispor o adxudicatario de maneira obrigatoria.

Atendendo a entidade do contrato e as distintas prestacións que abarca, e que as mesmas teñen por obxecto o mantemento integral dun ben inmovible, comprendendo un amplo catálogo de instalacións tales climatización, calefacción e ACS, ventilación, iluminación, electricidade, fontanería, protección contra incendios, edificación - estrutura, escaleiras, envolvente, cubertas, carpintería, tabicaría e acabados interiores-, etc... todas elas de tipoloxía diversa e heteroxénea , e á vista das dificultades e implicacións que conleva a súa execución, o estado actual de conservación e antigüidade das mesmas, sobre todo desde o punto de vista da seguridade dos usuarios, considerase xustificada e proporcional a adscripción obrigatoria de medios persoais



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 5 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



qualificados e cunha experiencia profesional suficiente acorde coa complexidade técnica da prestación a realizar:

- **Delegado do contratista:** con titulación mínima de Arquitecto (pre-Bolonia) ou titulación equivalente. Con experiencia mínima acreditada de 3 anos en contratos de similares características ou en obras de edificación con orzamento total superior a 750.000 €. Será o representante da empresa adxudicataria e responsable fronte á Administración do bo funcionamento do servizo e o cumprimento dos pregos e requisitos contractuais do servizo. Responderá da organización, dotación de persoal e equipos. Será o encargado da comunicación directa co responsable do contrato. Dedicación dun 10%.
- **Técnico:** con titulación mínima de Enxeñeiro Técnico industrial (pre-Bolonia) ou Arquitecto técnico (pre-Bolonia) ou titulacións equivalentes. Con experiencia mínima acreditada de máis de 3 anos en contratos de similares características. Realizará a supervisión e resolución das incidencias que se puidesen presentar. Será o encargado da comunicación directa cos técnicos do Concello, responsabilizándose da implantación e seguimento do Programa de mantemento, así como a súa boa execución. Dedicación dun 20%.
- **Encargado xeral:** deberá dispoñer da categoría profesional de Xefe 1º organización, Encargado taller, Encargado xeral ou equivalente. Con experiencia demostrable de máis de 3 anos en contratos de similares características. Actuará conxuntamente co Delegado e técnico do contratista en labores de implantación, seguimento, apoio técnico e coordinación dos traballos. Dedicación dun 50%.
- **Equipo de Operación:** traballadores con categoría profesional de oficial de 1ª ou equivalente e coa experiencia necesaria para o desenvolvemento dos traballos no edificio do Concello. En todo caso deberán ter a habilitación e formación necesaria para o desempeño dos traballos a realizar. 3 oficiais con dedicación dun 50%.

Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato

Respecto da titulación esixida, deberen achegarse as titulacións académicas correspondentes expedidas por órgano competente.

Respecto da experiencia profesional esixida, deberan presentar informe de vida laboral e currículum vitae acompañado de certificación ou declaración responsable asinada polos licitadores.

8.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN.

De conformidade ao establecido no artigo 145 LCSP para a valoración das proposicións e determinación da oferta economicamente mais vantaxosa e en base ao exposto na presente memoria, deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 6 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Xustificación dos criterios de valoración.-

Os criterios propostos para o presente expediente están directamente vinculados ao obxecto, as características e a natureza do contrato, son obxectivos, ponderados e en definitiva, buscan avaliar as propostas realizadas para mellor a relación calidade/prezo de cada oferta de acordo co criterio da oferta máis vantaxosa economicamente para a administración, entendéndose como aquela, de entre as diferentes ofertas realizadas, a que presenta a mellor relación entre a calidade e o prezo, tendo en conta os criterios xustificadas para o obxecto deste contrato.

En base ao obxecto do contrato, establece a valoración por unha multiplicidade de criterios. Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato darase mais preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa o obxecto do contrato se podan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de formulas concretas. Proponse a aplicación dun 60% dos criterios de adjudicación a criterios avaliábeis a través de fórmula e un 40% a través de criterios avaliábeis a través de xuízo de valor.

Para a determinación dos procesos de valoración das ofertas, de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP, se determinará a ponderación relativa a aplicar en cada un dos criterios.

Será de aplicación, co obxecto dunha maior simplificación, a seguinte ponderación establecida en base 100:

$$P = \frac{A}{100} \times PT + \frac{B}{100} \times PF$$

Sendo:

P: Puntuación total obtida da valoración da oferta.

PT: Puntuación da avaliación dos criterios mediante xuízo de valor.

PF: Puntuación da avaliación dos criterios mediante formula.

A: Ponderación dos puntos dos criterios mediante xuízo de valor (40)

B: Ponderación dos puntos dos criterios mediante formula (60)

8.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 7 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Os criterios avaliábeis mediante xuízo serán avaliábeis ata un máximo de "PT= PT1+PT2+PT3=100 puntos" e terán un coeficiente de ponderación "A= 40".

Propónse a seguinte distribución para os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

A.- MEMORIA TÉCNICA DA PROPOSTA E EXECUCIÓN DAS PRESTACIÓNS DERIVADAS DO PRESENTE CONTRATO:

A.1.- Xustificación do criterio: O licitador presentará unha memoria técnica na que se desenvolva a proposta organizativa de medios materiais e humanos de que dispoña. O contido desta memoria técnica proporcionará ao órgano de contratación a información necesaria para poder coñecer o desenvolvemento das prestacións a realizar por parte do licitador e permitirá comprobar o alcance dos mesmos, e que se demostre un coñecemento específico dos servizos a desenvolver.

A.2.- Valoración da MEMORIA TÉCNICA DA PROPOSTA E EXECUCIÓN DAS PRESTACIÓNS DERIVADAS DO PRESENTE CONTRATO. Se valorará ata un máximo de **PT1=70 puntos** que serán desglosados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

1.- A descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución das prestacións derivadas do presente contrato.

Se valorará ata un máximo de **40 puntos** e deberá desenvolver os procedementos de execución dos traballos nos que se especifique os sistemas e operativa que utilizan para cada tipo de traballo en relación ao mantemento integral (preventivo, correctivo, técnico-legal e sistema de xestión de avisos), ao asesoramento técnico e á aplicación informática.

2.- Descrición da organización para o mantemento da operatividade e seguridade no contorno das actuacións.

Se valorará ata un máximo de **10 puntos** e deberá desenvolver o plan de acción para a coordinación da operatividade no contorno no relativo a servizos, accesos e valados para o mantemento da seguridade do entorno das actuacións.

3.- Descrición e relación dos medios materias, maquinaria e instalacións propostos para o desenvolvemento das prestacións derivadas do presente contrato.

Se valorará ata un máximo de **10 puntos** e deberá definir as necesidades, volume, composición e organización do stock de materiais e a proposta de implantación de instalacións, ferramentas e maquinaria dispoñible e a xustificación da adaptación destas as necesidades das actuacións.

4.- Descrición da organización e medios humanos destinados a execución das prestacións derivadas do presente contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 8 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Se valorará ata un máximo de **10 puntos** e deberá definir a organizacións e os medios humanos adscritos ás diferentes actividades indicando os rendementos propostos, xustificando a coherencia da proposta realizada.

A.3.- Criterios para a presentación da MEMORIA TÉCNICA DA PROPOSTA DE EXECUCIÓN DAS PRESTACIÓNS DERIVADAS DO PRESENTE CONTRATO.

- a) Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións: un máximo de 50 páxinas en total en formato DIN A4. Na cuantificación deste documento se terán en conta todos as páxinas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais páxinas incorporadas
- b) O arquivo dixital non debe superar os 4 MB de tamaño.
- c) A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: "nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)"; sobre B; apartado Memoria Técnica (MT).

B.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE DOS TRABALLOS:

B.1.- Xustificación do criterio. Este apartado busca poder valorar os aspectos da calidade dos medios ofertados polo licitador, para garantir un maior nivel na prestación do contrato, para o cal por un lado, propónse avaliar os procesos propios da estrutura técnica da empresa licitadora nos procesos de autocontrol interno, en relación con todos os procesos técnicos e administrativos directamente vinculados á execución do contrato e aos traballadores; e por outro lado, tamén preténdese avaliar que un maior grado de coñecemento e de control das unidades a executar, levará implícito unha mellora directa no grado de esixencia dos procesos de control de calidade dos traballos e das unidades a executar.

B.2.- Valoración DO PLAN DE CONTROL DE CALIDADE. Se valorará ata un máximo de **PT2=15** puntos que serán desglosados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

1) Descrición das actuacións relativas ao control de calidade

Se valorará ata un máximo de **5 puntos** e deberá recoller a descrición de operativa, procedemento e medios a empregar para a realización dos principais tipos de análises propostos: control de materiais, análise, medición e control de posta en servizo trala intervención.

2) Descrición analítica e detallada da inspección de estruturas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 9 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Se valorará ata un máximo de **5 puntos** e deberá recoller a metodoloxía a empregar, descrición de operativa e procedemento e medios a empregar para a realización dos tipos de inspeccións de estruturas propostas.

3) Plan de aseguramento da calidade.

Se valorará ata un máximo de **5 puntos** e deberá recoller as medidas e procesos relacionados coa execución do contrato e dos traballadores para garantir a calidade do servizo, con descrición da organización dedicada ao control de calidade.

B.3.- Criterios para a presentación da MEMORIA SOBRE O PLAN DE CALIDADE.

- a) Deberá ser un único arquivo dixital e coas seguintes limitacións: un máximo de 15 páxinas en total, formato DIN A4 (na cuantificación deste documento se terán en conta todos as páxinas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais páxinas incorporadas).
- b) O arquivo dixital non debe superar os 4 MB de tamaño.
- c) A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: "nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)"; sobre B; Plan Control Calidade (CC)

C.- PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

C.1.- Xustificación do criterio. A través deste criterio búscase mellorar as actuacións dos licitadores en relación aos programas medioambientais que supoñen os procesos de execución do obxecto do contrato, así como as medidas que se poidan adoptar para incrementar o aforro enerxético, redución de materias primas como a auga ou combustibles, a redución de emisións de elementos contaminantes, ruído, recollida selectiva de residuos, procesos de reciclado, etc. Polo que enténdese que procede a determinación deste apartado na procura da mellora da execución do contrato, e considerase axustado ao ámbito dos aspectos nos artigos 145 e 146 da LCSP, no cal determínase que estas medidas atópanse relacionadas directamente co obxecto do contrato.

C.2.- Valoración do criterio. Se valorará ata un máximo de **PT3=15 puntos** e deberá analizar a execución do contrato dende o punto de vista ambiental destacando os ámbitos e actuacións que esixen unha atención especial ou que poidan xerar impactos, así como sobre todo aqueles aspectos que supoñan accións encamiñadas a acadar os obxectivos específicos establecidos no marca da Axenda Urbana Española e de forma especial os seguintes:

- 2.4. Mellorar o medio ambiente urbano e reducir a contaminación.
- 3.2. Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.
- 4.1. Ser máis eficientes enerxéticamente e aforrar enerxía.
- 4.2. Optimizar e reducir o consumo de auga.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 10 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- 4.3. Fomentar o ciclo dos materiais.
- 4.4. Reducir os residuos e favorecer a súa reciclaxe.

Deberá contemplar neste sentido a descrición das boas prácticas na execución do contrato que permita reducir consumo enerxético e materias primas, redución de emisións contaminantes á atmosfera, ruído, recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado, de modo que se minimicen as afeccións.

C.3.- Criterios para a presentación da MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

- a) Deberá ser un único arquivo dixital e coas seguintes limitacións: un máximo de 15 páxinas en total, formato DIN A4 (na cuantificación deste documento se terán en conta todos as páxinas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais páxinas incorporadas).
- b) O arquivo dixital non debe superar os 4 MB de tamaño.
- c) A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: "nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)"; sobre B; Programa de actuacións medioambientais (PAM).

PROCEDEMENTO DE APLICACIÓN DA PUNTUACIÓN DE ACORDO A DESCRICIÓN DOS CONTIDOS REQUIRIDOS:

- 1.- A puntuación para cada apartado asignarase tendo en conta as indicacións recollidas na valoración de cada criterio.
- 2.- Da avaliación destes contidos, se procederá a asignación da puntuación en cada un dos apartados, para o cal se outorgara a maior puntuación do proceso de avaliación á que se considere que recolle con maior precisión e coñecemento os aspectos descritos anteriormente e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación.
- 3.- A puntuación dun apartado será de 0 (cero) puntos, cando o apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co obxecto do contrato, ou non recolla ningunha achega a maiores das establecidas no propio PPTP que define as obrigas para a execución do obxecto do contrato.
- 4.- Cando a documentación de cada criterio non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, formato das páxinas, número de páxinas máximas ou arquivo único, procederase a súa valoración técnica, pero descontarase o 30% da puntuación asignada ao citado criterio.

8.2. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 11 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Os criterios avaliados mediante fórmula serán avaliados ata un máximo de "PF=P1+P2+P3= 100 puntos" e terán un coeficiente de ponderación "B= 60".

Propónse a seguinte distribución para os criterios avaliados mediante fórmula.

8.2.1.-Valoración das baixas en relación a oferta económica sobre a parte fixa do contrato, que se corresponde co importe do Capítulo I do orzamento do contrato. Valorarase ata un máximo de P1=70 puntos.

O valor da baixa ofertada obtérase restando ao importe do Capítulo I do Orzamento de licitación (IVE excluído) o prezo ofertado polo licitador (en euros) (sen IVE)

Serán de aplicación as seguintes fórmulas:

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre : $Be < Bi \leq BE$

$$P1 = 68,5 + (1,5 * ((Bi-Be)/(BE-Be)))$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,85 * Be < Bi \leq Be$

$$P1 = 65 + 3,5 * \left(\frac{Bi - (0,85 * Be)}{0,15 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,65 * Be < Bi \leq 0,85 * Be$

$$P1 = 57,5 + 7,5 * \left(\frac{Bi - (0,65 * Be)}{0,20 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0 * Be \leq Bi \leq 0,65 * Be$

$$P1 = 57,5 * \left(\frac{Bi}{0,65 * Be} \right)$$

Sendo:

P1 = Puntuación sobre a oferta económica: entre 0,00 puntos e 70,00 puntos.

Bi= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, calculada coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o importe da parte fixa do contrato- que se corresponde co



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 12 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



importe do Capítulo I do orzamento de licitación (IVE excluído)-, e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o importe da parte fixa do contrato (IVE excluído).

Be= Valor do porcentaxe da baixa da oferta máis económica, sobre o importe da parte fixa do contrato e que se corresponde co importe do Capítulo I do orzamento de licitación (IVE excluído) , de todas as que cumpran a seguinte condición: $B_i < B_r + \sigma'$, e sempre que dito valor sexa igual ou superior as seguintes referencias:

- Si $B_m \leq 10\%$: $(B_r + \sigma') \times 0,55$
- Si $B_m > 10\% \text{ e } \leq 18\%$: $(B_r + \sigma') \times 0,70$
- Si $B_m > 18\%$: $(B_r + \sigma') \times 0,85$

De non cumprirse a condición anterior, o valor "Be" será o resultado das referencia anteriores.

Ditos cálculos serán realizados coas ofertas das empresas admitidas e que non se atopen en situación de ofertas anormais ou desproporcionadas, utilizando os criterios definidos para B_r y σ' nos criterios para valoración das posibles baixas anormais ou desproporcionadas.

BE= Baixa da oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o importe da parte fixa do contrato, de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas.

8.2.2.- Valoración da porcentaxe de desconto sobre os prezos unitarios do cadro de prezos unitarios, detallados no Anexo IV ao PPTP. Valorarase ata un máximo de P2=15 puntos.

O prezo ofertado polos licitadores valorarase de acordo co seguinte criterio:

O licitador ofertará unha única porcentaxe de baixa, (indicado en valor porcentual con un máximo de dous decimais), que será aplicada de forma uniforme a todos os prezos unitarios do Anexo IV do PPTP.

Se aplicará a seguinte formula para a súa valoración:

Serán de aplicación as seguintes fórmulas:

- Para baixas (B_i) cuxo valor se atope comprendido entre : $B_e < B_i \leq B_E$

$$P2 = 13,75 + (1,25 * ((B_i - B_e) / (B_E - B_e)))$$

- Para baixas (B_i) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,85 * B_e < B_i \leq B_e$

$$B_i - (0,85 * B_e)$$



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 13 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



$$P2 = 12 + 1,75 * \left(\frac{\text{-----}}{0,15 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,65 * Be < Bi \leq 0,85 * Be$

$$P2 = 10 + 2 * \left(\frac{Bi - (0,65 * Be)}{0,20 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0 * Be \leq Bi \leq 0,65 * Be$

$$P2 = 10 * \left(\frac{Bi}{0,65 * Be} \right)$$

Sendo:

P2 = Puntuación sobre a oferta económica: entre 0,00 puntos e 15,00 puntos.

Bi= Porcentaxe de baixa da oferta para a que se quere determinara puntuación, expresado en porcentaxe con un máximo de dous decimales.

Be= Valor do porcentaxe da baixa da oferta máis económica de todas as que cumpran a seguinte condición: $Bi < Br + \sigma'$, e sempre que dito valor sexa igual ou superior as seguintes referencias:

- Si $Bm \leq 10 \%$: $(Br + \sigma') \times 0,55$
- Si $Bm > 10\% \text{ e } \leq 18 \%$: $(Br + \sigma') \times 0,70$
- Si $Bm > 18 \%$: $(Br + \sigma') \times 0,85$

De non cumprirse a condición anterior, o valor "Be" será o resultado das referencia anteriores.

Ditos cálculos serán realizados coas ofertas das empresas admitidas e que non se atopen en situación de ofertas anormais ou desproporcionadas, utilizando os criterios definidos para Br y σ' nos criterios para valoración das posibles baixas anormais ou desproporcionadas.

BE= Baixa da oferta máis económica, en tanto por cento, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas.

8.2.3.- Valoración da porcentaxe de desconto sobre os prezos unitarios do cadro de prezos unitarios, detallados no Anexo V ao PPTP. Valorarase ata un máximo de P3=15 puntos.

O prezo ofertado polos licitadores valorarase de acordo co seguinte criterio:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 14 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



O licitador ofertará unha única porcentaxe de baixa, (indicado en valor porcentual con un máximo de dous decimais), que será aplicada de forma uniforme a todos os prezos unitarios do Anexo V do PPTP.

Serán de aplicación as seguintes fórmulas:

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre : $Be < Bi \leq BE$

$$P3 = 13,75 + (1,25 * ((Bi-Be)/(BE-Be)))$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,85 * Be < Bi \leq Be$

$$P3 = 12 + 1,75 * \left(\frac{Bi - (0,85 * Be)}{0,15 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,65 * Be < Bi \leq 0,85 * Be$

$$P3 = 10 + 2 * \left(\frac{Bi - (0,65 * Be)}{0,20 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0 * Be \leq Bi \leq 0,65 * Be$

$$P3 = 10 * \left(\frac{Bi}{0,65 * Be} \right)$$

Sendo:

P3 = Puntuación sobre a oferta económica: entre 0,00 puntos e 15,00 puntos.

Bi= Porcentaxe de baixa da oferta para a que se quere determinara puntuación, expresado en porcentaxe con un máximo de dous decimais.

Be= Valor do porcentaxe da baixa da oferta máis económica de todas as que cumpran a seguinte condición: $Bi < Br + \sigma'$, e sempre que dito valor sexa igual ou superior as seguintes referencias:

- Si $Bm \leq 10 \%$: $(Br + \sigma') \times 0,55$
- Si $Bm > 10\% \text{ e } \leq 18 \%$: $(Br + \sigma') \times 0,70$
- Si $Bm > 18 \%$: $(Br + \sigma') \times 0,85$



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 15 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



De non cumprirse a condición anterior, o valor “Be” será o resultado das referencia anteriores.

Ditos cálculos serán realizados coas ofertas das empresas admitidas e que non se atopen en situación de ofertas anormais ou desproporcionadas, utilizando os criterios definidos para Br y σ' nos criterios para valoración das posibles baixas anormais ou desproporcionadas.

BE= Baixa da oferta máis económica, en tanto por cento, de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas.

8.2.4.- Xustificación das fórmulas.- Á vista da obriga establecida no artigo 146.2 LCSP en relación á necesidade de xustificación no expediente, da elección das fórmulas, considérase como a fórmula utilizada a mais adecuada e proporcional para a valoración das ofertas e outorga a máxima puntuación á oferta que rebaixa mais o prezo.

Sobre os criterios empregados para a determinación da puntuación dos criterios avaliados mediante fórmulas, débese indicar que as fórmulas elixidas cumpren tanto os criterios legais como a interpretación do Tribunal Central de Recursos contractuais ao respecto. Así as mesmas se atopan definidas no PCAP co suficiente grado de detalle para a súa comprensión. A súa aplicación en todos os casos asignan a maior puntuación prevista a oferta máis alta e a unha puntuación menor á oferta máis baixa, gardando unha adecuada proporción na atribución de puntos ás ofertas intermedias. Así mesmo débese indicar que non producen ningún dos resultados prohibidos, xa que non outorgan maior puntuación as ofertas que non sexan as máis económicas ao non establecerse umbrais de saciedade. Non reducen significativamente os marxes entre as ofertas máis caras e próximas ao prezo de licitación e as máis económicas, e tampouco magnifican as diferencias económicas mínimas, permitindo que opere a totalidade do rango da puntuación establecido, e determinando neste caso concreto os seguintes tramos de puntuación en función dos seguintes criterios de avaliación:

Tramos de variación en relación ao maior porcentaxe de baixa ofertado sobre o importe da parte fixa do contrato, e que se corresponde co importe do Capítulo I do Orzamento base de licitación	Puntos que se reparten
$0 * Be \leq Bi \leq 0,65 Be$	57,5
$0,65 * Be < Bi \leq 0,85 * Be$	7,5
$0,85 * Be < Bi \leq Be$	3,5
Establecese en relación o valor BE (oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o importe da parte fixa do contrato, de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas), e un valor resultante $Be = Br$ (media das ofertas admitidas) + σ' (desviación típica das ofertas admitidas).	1,5
$Be < Bi \leq BE$	



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 16 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Tramos de variación en relación ao maior porcentaxe de baixa ofertado sobre os prezos unitarios do Anexo IV do PPTP	Puntos que se reparten
$0 * Be \leq Bi \leq 0,65 Be$	10
$0,65 * Be < Bi \leq 0,85 * Be$	2
$0,85 * Be < Bi \leq Be$	1,75
Establecese en relación o valor BE (oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o importe da parte fixa do contrato, de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas), e un valor resultante $Be = Br$ (media das ofertas admitidas) + σ' (desviación típica das ofertas admitidas). $Be < Bi \leq BE$	1,25
Tramos de variación en relación ao maior porcentaxe de baixa ofertado sobre os prezos unitarios do Anexo V do PPTP	Puntos que se reparten
$0 * Be \leq Bi \leq 0,65 Be$	10
$0,65 * Be < Bi \leq 0,85 * Be$	2
$0,85 * Be < Bi \leq Be$	1,75
Establecese en relación o valor BE (oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o importe da parte fixa do contrato, de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas), e un valor resultante $Be = Br$ (media das ofertas admitidas) + σ' (desviación típica das ofertas admitidas). $Be < Bi \leq BE$	1,25

É de destacar a indeterminación a priori dos puntos nos que cambia a pendente (tendo en conta que ten catro puntos de inflexión, un primeiro e mais importante sitúase no 65% sobre o valor Be, o segundo no 85% de Be, un terceiro ata o valor Be , e un cuarto entre o valor Be e o valor BE (mellor oferta admitida), impedindo desta forma que os licitadores teñan unha referencia previa, evitando formulacións estratéxicas similares por parte dos mesmos.

9.-CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DE OFERTAS CON VALORES ANORMAIS

En relación á determinación do criterio aplicable para a valoración da existencia de ofertas ou proposicións con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, utilízanse os criterios específicos usados en diferentes expedientes de contratación e informados favorablemente pola Intervención Municipal



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 17 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Trátase dun sistema que dificulta aos licitadores a acomodación da súa oferta a un limiar próximo á temeridade, polo que, a súas ofertas, serán a resultante da análise detallada que cada un dos licitadores faga en relación coa estrutura empresarial, prezos de subministradores, etc. O resultado final da presunción de temeridade encontrase corrixido a través dun factor de temeridade (K) variable, que minora canto maior é o resultado da segunda desviación típica das ofertas (δ')”

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados se considerará que están incursas nesa situación, as proposicións cando contes cun valor (B_i) que cumpra as seguintes condicións:

Exceda en ($K \cdot \delta'$) ó valor da “baixa de referencia” (B_r), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + (K \cdot \delta')$ si $n \geq 5$

Sendo:

B_i = será igual ao valor porcentual que represente a baixa ofertada sobre o importe da parte fixa do contrato, e que se corresponde co importe do Capítulo I do orzamento do contrato (sen IVE) para a oferta que se queira valorar. Este calculo será realizado para todas as ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

B_r = valor mínimo entre (B_m ou $B'm$)


B_m = Baixa media calculada. O valor será expresado en tanto por cento, en relación a media aritmética de todos os valores (B_i) calculados das ofertas admitidas.

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

$B'm$ = media aritmética das (B_i) ofertadas que cumpran a condición seguinte:

$$(B_m - \delta) \leq B_i \leq (B_m + \delta)$$

δ = desviación típica calculada





$$\delta = \frac{\sum_{i=1} (B_i - B_m)^2}{n}$$

δ' = desviación típica das (Bi) ofertadas que cumpran a anterior condición sinalada para o cálculo de B'm

n = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, que cumpran a condición sinalada para o cálculo de Bm, e para o calculo da δ' , "n" será igual o numero de ofertas que cumpran coa condición sinalada para o calculo de B'm

K = factor de temeridade, este factor será definido en relación os seguintes criterios:

Para Min (Bm, Bm') <= 10%

SI $\sigma' \leq 0,5$; K=10,00

SI $\sigma' > 0,5$ y <= 1; K=5,20

SI $\sigma' > 1$ y <= 1,5; K=3,60

SI $\sigma' > 1,5$ y <= 2; K=2,80

SI $\sigma' > 2$ y <= 3 K=2,00

SI $\sigma' > 3$ K=1,80

Para Min (Bm, Bm') > 10% y <= 18%

SI $\sigma' \leq 0,5$; K=9,00

SI $\sigma' > 0,5$ y <= 1; K=4,90

SI $\sigma' > 1$ y <= 1,5; K=3,50

SI $\sigma' > 1,5$ y <= 2; K=2,90

SI $\sigma' > 2$ y <= 3 K=2,10

SI $\sigma' > 3$ K=1,70

Para Min (Bm, Bm') > 18%

SI $\sigma' \leq 0,5$; K=8,00

SI $\sigma' > 0,5$ y <= 1; K=4,50

SI $\sigma' > 1$ y <= 1,5; K=3,80

SI $\sigma' > 1,5$ y <= 2; K=2,80

SI $\sigma' > 2$ y <= 3 K=2,00

SI $\sigma' > 3$ K=1,70

Cando o número de ofertas sexa inferior a 5, considerarase que están incursas en baixa anormal ou desproporcionada as proposicións cunha Bi que exceda en 5 (unidades porcentuais) ou máis unidades ao valor da "baixa de referencia" Br, sendo o valor Br = Bm.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 19 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Br = media aritmética das (Bi) ofertadas. Bi calcularase dacordo co exposto no apartado anterior.

Presunción de temeridade: $Bi > Br + 5$ si $n < 5$

Para os efectos de establecer este promedio, terase en conta si existen ofertas de empresas que formen parte dun mesmo grupo, para o cal se actuará segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, cando presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

10.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

Establécense como condicións especiais de execución as seguintes:

10. A) Condicións especiais de execución de tipo medioambiental:

- A maquinaria, ferramentas e elementos auxiliares que utilice serán respectuosas co medio ambiente e a igualdade de eficiencia, aforro enerxético e investimento; primará a utilización da que sexa reciclable, de menor consumo enerxético, produza menor emisión de ruídos e produtos contaminantes, sempre por baixo dos límites marcados pola normativa vixente. Con iso preténdese que os medios para utilizar na execución do contrato sexan amigables co medio ambiente e redúzanse as emisións de CO2, e por tanto, inclúanse consideracións de tipo ambiental para a execución do contrato.

Dita condición acreditarase mediante a presentación de etiquetas do fabricante ou medio de certificación equivalente.

10.B) Condicións especiais de execución para calidade do emprego e dos dereitos laborais.

- A empresa adxudicataria adquire a obrigaón de que polo menos o 30% do persoal adscrito á execución do contrato sexa indefinida. Dita obrigaón non será esixida nos casos nos que a porcentaxe de contratación indefinida da empresa sexa superior ao 80% do total do persoal.

A porcentaxe computarase con relación ao número total de persoas traballadoras necesarias para a execución do contrato, incluído no devandito cómputo o das empresas subcontratistas asignadas á execución do contrato.

- Adquire, así mesmo, a obrigaón de garantir na execución do contrato o respecto dos dereitos laborais básicos ao longo da cadea de produción mediante a esixencia do cumprimento das Convencións fundamentais da Organización Internacional do Traballo, entre elas, as referidas á liberdade sindical e negociación colectiva, a eliminación do traballo forzoso ou obrigatorio, a eliminación da discriminación en materia de emprego e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 20 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



ocupación por motivos de raza, cor, sexo, relixión, opinión política, ascendencia nacional ou orixe social e a abolición do traballo infantil.

A entidade adxudataria do contrato acreditará o cumprimento destas condicións especiais de execución mediante a presentación dunha declaración responsable indicando o seu cumprimento. Esta declaración deberá presentarse anualmente desde a firma do contrato e, en todo caso, á terminación do contrato.

As devanditas condicións de execución atópanse directamente relacionadas co obxecto do contrato e se xustifican no obxectivo de acadar unha contratación socialmente máis responsable, incorporando obxectivos específicos de política medioambiental e de calidade do emprego e dos dereitos laborais.

11.- PRAZO DE GARANTÍA.

Establécese un período de garantía de 12 meses nas tarefas de reparación efectuadas sobre calquera instalación ou elemento obxecto deste contrato.

En relación ao subministro de pezas ou materiais, establecece un período de garantía de 3 anos, o durante o prazo que así viñera especificado na garantía do fabricante si este foise superior

Para as actividades complementarias, para cuxa execución sexa necesaria a redacción e aprobación do correspondente documento técnico ou memoria valorada, executadas no ámbito deste contrato, establécese un prazo mínimo de 24 meses.

12.- SUBCONTRATACIÓN.

Non se establecen tarefas críticas que deban ser executadas directamente polo contratista principal e que non poidan ser obxecto de subcontratación, debendo someterse a mesma aos requisitos establecidos no artigo 215 LCSP.

13.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Tendo en conta as peculiaridades do contrato, debe considerarse a opción de modificación do mesmo en relación os seguintes criterios:

13.1.- Aspectos a modificar.-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 21 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



O importe do orzamento máximo a causa dun incremento das operacións de mantemento integral do edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo.

13.2.-Circunstancias que determinan a modificación.-

- Un deterioro das instalacións ou elementos do edificio cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso.
- Un incremento do inventario de instalacións ou elementos obxecto do contrato.

13.3.- Limites da modificación.-

As modificacións poderán afectar como máximo ao 20% do prezo do contrato de conformidade co artigo 204.1 LCSP.

13.4.- Especialidades da modificación.-

A incorporación de prezos unitarios non previstos no Anexo IV e V do PPTP, fixados de acordo co estipulado no apartado 3.3 e 3.4 do PPTP, e que non impliquen a necesidade de modificar o importe máximo do contrato, non terán a condición de modificación do contrato.

14.- RESPONSABLE DO CONTRATO.

O Responsable do contrato será a Enxeñeira Industrial e a Enxeñeira Técnica Industrial do Área de Fomento.

O servizo xestor do contrato será o servizo administrativo e de control orzamentario da Área de Fomento.

15.- SEGURO

O adxudicatario deberá subscribir as oportunas pólizas de seguros, que deberán cumprir cos requisitos acto seguido sinalados:

1.- Seguro de Responsabilidade Civil con entidade aseguradora legalmente autorizada, coa finalidade de cubrir as obrigas derivadas do obxecto do contrato. Dito seguro de Responsabilidade Civil deberá ter un límite de indemnización non inferior a 600.000 euros por sinistro e ano para cubrir os danos materiais e/ou persoais e danos consecuenciais ocasionados a terceiros.

2. Calquera outro seguro de contratación obrigatoria conforme á lexislación vixente durante o período de duración do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 22 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



En caso de sinistro, calquera diferenza que xurda no pago das indemnizacións, xa sexa por aplicación de franquías ou outro tipo de descubertos no seguro contratado, deberá ser soportada polo adxudicatario.

O adxudicatario se obriga a reparar os danos e responder por aqueles riscos que non queden garantidos nas pólizas de seguro descritas anteriormente, a fin de levar a bo término o obxecto do contrato, conforme as obrigas e responsabilidades asumidas. A contratación das pólizas descritas non eximirá nin limitarán as obrigas e responsabilidades derivadas do obxecto do contrato.

16.- LUGAR DE ENTREGA DAS PRESTACIÓN OBXECTO DO CONTRATO.

Edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo

17.- DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO.

A data prevista para o inicio do presente contrato estímase en data 1 de novembro de 2024.

18.- PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES:

Para o expediente de contratación dos citados servizos, achégase a este informe o prego de prescricións técnicas redactado pola Enxeñeira Técnica Industrial Susana González Ramírez e pola Enxeñeira Industrial Cristina Tapias Bouso.

19.-OUTROS DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.-

Establecese como obriga esencial do contrato dispoñer de locais para oficina, vestiarios, talleres, almacén e garaxe; coa capacidade e medios suficientes para o desenvolvemento do contrato, tal e como se establece na cláusula 7.2 do PPTP. Ditas instalacións, para a correcta operativa e o cumprimento dos tempos de resposta recollidos no PPTP para incidencias ou emerxencias que puideran xurdir, de modo que se poida garantir a seguridade dos usuarios do edificio no menor tempo e devolveo o antes posible a un estado de seguridade previo as incidencias, estímase necesario que se atopen sitas nun radio máximo de 5 km dende o edificio do Concello, sito na Praza do Rei.

Respecto do resto dos recursos materiais que deberá dispor o adxudicatario para o desenvolvemento do contrato, os mesmo atópanse enumerados na cláusula 7.2 do PPTP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 23 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Asemade o adxudicatario deberá nomear unha única persoa de contacto que será o interlocutor co Concello de Vigo.

Aquelas actuacións que deban levar a cabo para a correcta prestación do presente contrato, e que así se esixa regulamentariamente, deberán ser en todo caso realizadas por empresas inscritas como empresa instaladora, mantedora ou reparadora.

20.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE.

Non procede fixar condicións especiais de compatibilidade por canto na redacción da documentación contractual non participou ningún terceiro alieo a esta Administración.

21.- CESIÓN DE DATOS AO ADXUDICATARIO E CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELLECTUAL OU INDUSTRIAL

O adxudicatario deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato.

Asemade o autor ou autores daquelas memorias ou proxectos técnicos, que podan ser redactados en execución do contrato, ceden os dereitos derivados do seu traballo ao Concello de Vigo de forma exclusiva tanto en relación aos dereitos morais como patrimoniais, vinculados coa totalidade do contido dos proxectos técnicos elaborados en execución do devandito contrato.

22.- DECLARACIÓN DACI

Os técnicos que subscriben declaran non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, no marco do desenvolvemento do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, o Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos, subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación .

En consecuencia os antecedentes descritos, propónse o Concelleiro da Área de Fomento e Servizos remitir a presente memoria xustificativa ao Servizo de Contratación para a redacción do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 24 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA DA ÁREA
DE GOBERNO DE FOMENTO,
SERVIZOS E DEPORTES

CONCELLO
DE VIGO



Expediente: 1908-441

correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.

Vigo, a data da sinatura dixital

A Enxeñeira Técnica Industrial, Susana González Ramírez

O Xefe de Área de Servizos Xerais, Jerónimo Centrón Castaños

O Xefe de Área de Inversións. José Ángel Otero Lamas

CONFORME.- O Concelleiro da Área de Fomento e Servizos.- F. Javier Pardo Espiñeira.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 13:54	Páxina 25 de 25
1908-441	CSV: A2AF5A-51A83E-8A5D3H-7RU3JK-189ZR5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		